

**Dous contos.
Mateo Falcone -
Tamango**

Prosper Mérimée

Tradución de Emma Lázare Rodríguez



Prosper Mérimée

Dous contos. Mateo Falcone - Tamango

Versión galega de Enma Lázare Rodríguez

Mateo Falcone

Ó saír de Porto-Vecchio¹ dirixíndose ó N.O., cara ó interior da illa, vese como o terreo se eleva con bastante rapidez e, despois de tres horas de marcha por tortuosos sendeiros, obstruídos con grandes masas de rochas e ás veces cortados por precipicios, atópase un á beira dun *maquis* moi extenso. O maquis é a patria dos pastores corsos e de quenquera que se poña a mal coa xustiza. Cómpre saber que o labrego corso, para aforra-lo traballo de estercar unha leira, ponlle lume a unha certa extensión de bosque: tanto ten se as lapas se propagan máis do necesario; pase o que pase, tense a seguridade de conseguir unha boa colleita sementando aquela terra fertilizada pola cinza das árbores que tiña. Apañadas as espigas, pois déixase a palla, que daría traballo recoller, as raíces que quedaron na terra sen se consumir abrollan, na primavera, en matas moi tupidas que, en poucos anos, chegan a unha altura de seis ou sete pés². Esa especie de mato mesto é o que se chama maquis. Compóñeno diferentes especies de árbores e de arbustos, mesturados e confundidos como Deus quere. Só macheta en man pode o home abrirse paso alí e vense maquis tan mestos e tan pechados que nin os mesmos muflóns³ poden penetrar neles.

Se matastes un home, ide para o maquis de Porto-Vecchio e alí viviredes en toda seguridade, cun bo fusil, pólvora e balas; non esquezades unha capa parda provista dunha carapucha que serve de manta e de colchón. Os pastores danvos leite, queixo e castañas e non teredes nada que temer da xustiza ou dos parentes do morto, salvo cando precisedes de baixar á vila para renova-las municións.

Cando eu estaba en Córsega, no 18., Mateo Falcone tiña a súa casa a unha media legua daquel maquis. Era un home bastante rico para o país; vivía nobremente, é dicir, sen facer nada, do produto dos seus rabaños que uns pastores, especie de

nómades, levaban a pacer aquí ou alá polas montañas. Cando eu o vin, dous anos despois do acontecemento que vou referir, pareceume que contase uns cincuenta anos, como moito. Imaxínade un home pequeno pero robusto, co pelo crespo, negro coma o acibeche, o nariz aquilino, labios finos, ollos grandes e vivos e unha pel cor de forro de botas. A súa habilidade no tiro de escopeta pasaba por ser extraordinaria, incluso na súa terra onde hai tantos bos tiradores. Por exemplo, Mateo nunca lle tiraría con postas⁴ a un muflón, senón que o abatía, a cen pasos, dunha bala na cabeza ou no ombro, segundo lle petase. De noite utilizaba as armas coa mesma facilidade que de día, contáronme un exemplo da súa destreza que poida que lle pareza increíble a quen non teña viaxado a Córsega. Colocábanlle a oitenta pasos unha candeia acendida detrás dun papel transparente, do tamaño dun prato. Apuntaba, despois apagaban a candeia e, ó cabo dun minuto, na escuridade máis profunda, tiraba e perforaba o papel tres de cada catro veces.

Con tan transcendental mérito, Mateo Falcone adquirira unha gran reputación. Estaba considerado tan bo amigo como perigoso inimigo: ademais, servicial e caritativo, vivía en paz con todo o mundo no distrito de Porto-Vecchio. Pero contábase del que en Corte⁵, onde tomara muller, desfixérase enerxicamente dun rival que tiña fama de ser tan temible na guerra coma no amor: polo menos atribuíaselle a Mateo certo disparo de escopeta que sorprendeu a ese rival cando se estaba afeitando ante un pequeno espello colgado na súa ventá. Enterrado o asunto, Mateo casou. A súa muller Giuseppa déralle primeiro tres fillas (cousa que o fixera rabiarse) e, por fin, un fillo, ó que lle puxo por nome Fortunato: este era a esperanza da familia, o herdeiro do apelido. As fillas casaran moi ben: seu pai podía contar, en caso de necesidade, cos puñais e cos trabucos dos xenros. O fillo só tiña dez anos, pero xa mostraba moi boas disposicións.

Certo día de outono, Mateo saíu cedo coa súa muller para ir inspeccionar un dos seus rabaños nun clareiro do maquis. O pequeno Fortunato quería acompañalo, pero o clareiro estaba demasiado lonxe; ademais, alguén tiña que quedar para mirar pola casa; así que o pai impediullo: veremos se non tivo motivo para se arrepentir.

Xa levaba ausente varias horas, e o pequeno Fortunato estaba tranquilamente tombado ó sol mirando as montañas azuis e pensando que o domingo seguinte ía cear á vila, á casa do seu tío o caporal⁶, cando foi subitamente interrompido nas súas meditacións pola detonación dunha arma de fogo. Ergueuse e virou cara ó lado da chaira do que partira aquel ruído.

Sucedéronse outros tiros de escopeta, disparados a intervalos irregulares, e cada vez máis próximos; por fin, polo carreiro que ía da chaira á casa de Mateo apareceu un home, cuberto cun gorro bicudo coma os que levan os montañeses, con barba, vestido de farrapos e arrastrándose con dificultade apoiando na súa escopeta. Acababa de recibir un tiro na coxa.

Aquel home era un *bandido*⁷ que saíra de noite para comprar pólvora na vila e caera, de camiño, nunha emboscada de tiradores corsos⁸. Despois dunha asañada defensa conseguira facer unha retirada, activamente perseguido e tiroteando de rocha en rocha. Pero levaba pouca vantaxe sobre os soldados e a ferida imposibilitábao para regresar ó maquis antes de ser alcanzado.

Achegouse onda Fortunato e díxolle:

—¿Ti e-lo fillo de Mateo Falcone?

—Son.

—Eu son Gianetto Sanpiero. Perséguenme os "colos amarelos". Escóndeme pois xa non podo andar máis.

—¿E que dirá meu pai se te escondo sen o seu permiso?

—Dirá que fixeches ben.

—¿Quen sabe?

—Escóndeme rápido; xa veñen.

—Agarda que veña meu pai.

—¡Que agarde! ¡Maldición! Estarán aquí en cinco minutos. Veña, escóndeme ou mátote.

Fortunato respondeulle co maior sangue frío:

—Te-la escopeta descargada e xa non che quedan cartuchos na cartucheira.

—Teño o puñal.

—¿Pero, correrás tanto coma min?

Deu un chimpó e púxose fóra do seu alcance.

—¡Ti non e-lo fillo de Mateo Falcone! ¿E logo deixarás que me deteñan diante da túa casa?

O rapaz pareceu convencido.

—¿Que me darás se te escondo? —dixo, mentres se aproximaba a el.

O bandido buscou nun peto de coiro que lle pendía da cintura e sacou unha moeda de cinco francos que reservara, seguramente, para comprar pólvora. Fortunato sorriu á vista da moeda de prata; agarrouna e díxolle a Gianetto:

—Non teñas medo de nada.

Inmediatamente fixo un burato grande nun montón de feo situado a carón da casa. Gianetto anicouse alí e o neno cubriuno de maneira que lle quedase un pouco de aire para respirar sen que, con todo, fose posible sospeitar que aquel feo agochase un home. Ademais ocorréuselle unha argucia de montaraz bastante enxeñosa. Foi coller unha gata coas súas crías e colocounos sobre o montón de feo para que parecese que levaba tempo sen se remover. A continuación, reparando nas trazas de sangue no carreiro preto da casa, cubriunas coidadosamente con terra e, feito isto, volveuse deitar ó sol coa maior tranquilidade.

Uns minutos despois, seis homes cun uniforme pardo de colo amarelo, mandados por un axudante, chegaban ante a porta de Mateo. Aquel axudante era algo parente de Falcone. (Xa se sabe que en Córsega séguense os graos de parentesco moito máis lonxe que noutras partes.) Chamábase Tiodoro Gamba: era un home activo, moi temido polos bandidos, dos que xa perseguira varios.

—Bos días, primiño —dixo, dirixíndose a Fortunato—. ¡Hai que ve-lo que medraches! ¿Viches pasar por aquí un home hai un pouco?

—¡Ai!, aínda non son tan grande coma vostede, primo, respondeu o neno con aire inxenuo.

—Todo chegará. Pero dime, ¿non viches pasar un home?

—¿Se vin pasar un home?

—Si, un home cun gorro bicudo de veludo negro e cunha chaqueta bordada en vermello e amarelo.

—¿Un home cun gorro bicudo e cunha chaqueta bordada en vermello e amarelo?

—Si, responde axiña e non repíta-las miñas preguntas.

—Esta mañá, o señor cura pasou pola nosa porta, no seu cabalo *Piero*. Preguntoume cómo andaba o papá e eu respondinlle...

—¡Ah! galopín, ¡faste o listo! Dime axiña por onde pasou Gianetto, pois é el o que buscamos; e estou seguro de que colleu por este carreiro.

—¿Quen sabe?

—¿Quen sabe? Seino eu, sei que ti o viches.

—¿Vense os que pasan cando se dorme?

—Non durmías, lacazán; os disparos espertáronte.

—¿E logo pensa, meu primo, que os seus fusís fan tanto ruído? O trabuco do meu pai faille ben máis.

—¡Así o demo te confunda! ¡maldito trasno! Estou seguro de que viches ó Gianetto. Se cadra mesmo o escondiches. Veña, camaradas, entrade nesta casa e mirade se o noso home non está por aí. Só andaba cunha pata, e ten demasiado sentido, o canalla, para tratar de chegar ó maquis coxeando. Ademais, as trazas de sangue paran aquí.

—¿E que dirá o papá? —preguntou Fortunato, rindo retranqueiro—. ¿Que dirá cando saiba que lle entraron na casa cando el non estaba?

—¡Vergallán! —exclamou o axudante Gamba, colléndoo por unha orella—. ¿Sabes que só depende de min facerte falar? Se cadra dádoche vinte azoutes co sabre de plano has falar dunha vez.

E Fortunato seguía a rir con retranca.

—¡Meu pai é Mateo Falcone! —dixo, con énfases.

—Ben sabes, pillabanciño, que te podo levar a Corte ou a Bastia. Voute facer durmir nun calabozo, na palla, cos ferros nos pés, e voute mandar guillotinar se non dis onde está Gianetto Sanpiero.

O pequeno botou a rir ante aquela ridícula ameaza. Repetiu:

—¡Meu pai é Mateo Falcone!

—Axudante —díxolle, moi baixo, un dos tiradores—, será mellor non nos poñer a mal con Mateo.

Gamba parecía evidentemente incómodo. Falaba en voz baixa cos seus soldados, que xa miraran por toda a casa. Non era unha operación moi longa pois a cabana dun corso consiste nunha soa peza cadrada. O mobiliario componse dunha mesa, bancos, baúis e utensilios de caza ou domésticos. Entrementres, o pequeno Fortunato aloumiñaba a gata e parecía gozar maliciosamente da confusión dos tiradores e máis do seu primo.

Un soldado achegouse ó montón de feo. Viu a gata, meteu a baioneta no feo con desgana e alzou os ombros coma se sentise que a súa precaución era ridícula. Non se moveu nada; e o rostro do rapaz non revelou a máis mínima emoción.

O axudante e maila súa tropa andaban levados do demo; xa ollaban seriamente cara á chaira como dispostos a volver por onde viñeran, cando o xefe, convencido de que as ameazas non producirían ningún efecto sobre o fillo de Falcone, quixo facer un último intento e proba-lo poder dos aloumiños e dos agasallos.

—Primiño —dixo—, ¡pareces un rapaz moi espelido! Has chegar lonxe. Pero estás xogando sucio comigo; e se non temese magoar ó meu primo Mateo, ¡que me leve o diaño se non te levaba comigo!

—¡Boh!

—Pero cando o meu primo regrese heille conta-lo caso e, por teres mentido, hate azoutar ata que sangres.

—¿Como?

—Xa o verás... pero, mira... se es bo rapaz, heiche dar unha cousa.

—Eu, primo, heille dar un aviso: é que, se tarda máis, o Gianetto chegará ó maquis e alí ha facer falta máis dun tunante coma vostede para o buscar.

O axudante sacou do peto un reloxo de prata que ben había valer dez escudos; e, reparando en que os ollos do pequeno Fortunato brillaban ó miralo, díxolle, mentres sostiña o reloxo suspendido no extremo da súa cadea de aceiro:

—¡Lacazán!, quen che dera ter un reloxo coma este colgado do colo e pasear polas rúas de Porto-Vecchio, orgulloso coma un pavón; e as xentes habíanche preguntar: ¿Que hora é? E ti diríaslles: Mire no meu reloxo.

—Cando sexa grande meu tío, o caporal, hame regalar un reloxo.

—Si, pero o fillo do teu tío xa ten un... non tan bonito coma este, a verdade... Sen embargo é máis novo ca ti.

O neno suspirou.

—E logo, ¿quérelo, o reloxo este, primmiño?

Fortunato, ollando de esguello para o reloxo, parecía un gato ó que lle ofrecen un polo enteiro. Como sente que se burlan del, non se atreve a botarlle as poutas e, de vez en cando aparta os ollos para non se expoñer a sucumbir á tentación; pero non deixa de relamberse e parece dicirlle ó amo: ¡que broma máis cruel!

Con todo, o axudante Gamba semellaba actuar de boa fe ó ofrecerlle o reloxo. Fortunato non adiantou a man; pero díxolle cun sorriso amargo:

—¿Por que fai burla de min?

—¡Por Deus!, eu non me burlo. Dime só onde está Gianetto e este reloxo é teu.

Fortunato deixou escapar un sorriso de incredulidade e, fixando os seus ollos negros nos do axudante esforzábbase por ler neles o crédito que debía dar ás súas palabras.

—¡Que perda os meus galóns –exclamou o axudante– se non che dou o reloxo con esa condición! Os camaradas son testemuñas e non me podou desdicir.

Mentres falaba así, seguíalle achegando o reloxo, tanto que xa case tocaba a pálida meixela do neno. Este deixaba ver na cara o combate que se libraba na súa alma entre a cobiza e o respecto debido á hospitalidade. O peito nu levantábaselle con forza, e parecía a piques de afogar. E entre tanto, o reloxo oscilaba, xiraba e, ás veces, tocáballe á punta do nariz. Por fin, pouco a pouco, a súa man dereita elevouse cara o reloxo: tocoulle coas puntas dos dedos; e pesaba todo enteiro na súa man sen que por iso o axudante soltase o extremo da cadea... A esfera era azulada... a caixa brillante... ó sol parecía todo de lume... A tentación era demasiado forte.

Fortunato elevou tamén a man esquerda e indicou, co polgar, por riba do ombro, o montón de herba seca ó que estaba arrimado. O axudante comprendeuno ó momento. Soltou o extremo da cadea; Fortunato sentiuse único posuidor do reloxo. Levantouse coa

axilidade dun gamo e afastouse dez pasos do feo que inmediatamente os tiradores se puxeron a revirar.

Non tardaron en ver axitarse o feo; e del saíu un home sangrando, cun puñal na man: pero, cando tratou de se erguer, a ferida agora fría, non lle permitiu terse de pé. Caeu. O axudante lanzouse sobre el e arrebatoulle o estilete. De seguida enleárono fortemente, malia a súa resistencia.

Gianetto, deitado no chan e atado coma un feixe, virou a cabeza cara a Fortunato que se aproximara.

—¡Fillo de...! —dixo con máis desprezo que cólera.

O rapaz tiroulle a moeda de prata que recibira del, entendendo que deixara de merecela; pero o proscrito non pareceu facer caso daquel xesto. Díxolle, con moito sangue frío, ó axudante:

—Querido Gamba, non podo andar; vai ter que me carretar ata a vila.

—Hai un momento corrías máis ca un corzo —replicou o cruel vencedor—; pero está tranquilo; estou tan contento por terte pillado que te levaría ó lombo unha legua sen me cansar. Polo demais, camarada, ímosche facer unha liteira con ramas e coa túa capa; e na granxa de Crespoli atoparemos cabalos.

—Ben —dixo o prisioneiro—; poñede tamén unha pouca palla na liteira para que estea máis cómodo.

Mentres que os tiradores se ocupaban, uns en facer unha especie de angarellas con pólas de castiñeiro, outros en cura-la ferida de Gianetto, Mateo Falcone e maila súa muller apareceron, de súpeto, á volta dun carreiro que conducía ó maquis. A muller avanzaba penosamente dobrada baixo o peso dun enorme saco de castañas, mentres que o seu home todo oufano, non levaba máis ca unha escopeta na man e outra en bandoleira; pois é indigno dun home levar máis fardo cás súas armas.

Ó ve-los soldados, o primeiro pensamento de Mateo foi que viñan para arrestalo. ¿Pero, por que esa idea? ¿Tiña, logo, Mateo algún problema coa xustiza? Non. Gozaba de boa reputación. Era, como se adoita dicir, *un home de moito creto*, pero era corso e montañés, e hai poucos corsos e montañeses que, escudriñando ben na súa memoria, no agachen algún pecadiño, como disparos, coiteladas, e outras bagatelas. Mateo, máis ca ningún outro, tiña a conciencia tranquila, pois levaba máis de dez anos sen dirixi-la súa escopeta contra home ningún; pero, de tódolos xeitos, era

prudente e púxose en posición de realizar unha boa defensa, por se houber necesidade.

—Muller —díxolle a Giuseppa— pousa o saco e prepárate.

Esta obedeceu ó momento. El deulle a escopeta que levaba en bandoleira e que lle podería estorbar. Cargou a que levaba na man e avanzou lentamente cara á casa, a carón das árbores que circundaban o camiño, disposto para, á mínima mostra de hostilidade, brincar detrás do tronco máis gordo, desde onde podería facer fogo a cuberto. A muller camiñaba pegada ós seus talóns e levaba a escopeta de recambio e a cartucheira. O traballo dunha boa esposa, en caso de combate, é carga-las armas do seu home.

Pola outra banda, o axudante estaba moi inquieto ó ver a Mateo avanzar así, a pasiños, coa escopeta por diante e o dedo no gatillo. Se por casualidade, pensaba, Mateo resultase ser parente de Gianetto ou se era amigo del e o quería defender, os tacos das dúas escopetas habían chegar a dous de nós tan seguro coma unha carta ó correo, ¿e se me apuntase, a pesar do noso parentesco?...

Naquela incerteza tomou unha decisión moi valorosa: avanzar el só cara a Mateo para lle conta-lo asunto, abordándoo como vello coñecido; pero o curto intervalo que o separaba de Mateo pareceulle terriblemente longo.

—¡Ei, compañeiro! —berraba—, ¿como vai iso, amigo? Son eu, son Gamba, teu primo.

Mateo, sen responder palabra, detivérase e, a medida que o outro falaba, el levantaba lentamente o cano da escopeta de maneira que o dirixía ó ceo no momento en que o axudante chegou onda el.

—Bos días, irmán⁹ —dixo o axudante, tendéndolle a man—. Onde vai que non te vía.

—Bos días, irmán.

—Vou de paso e vin saudarte, a ti e mais á prima Pepa. Hoxe fixemos unha longa tirada; pero non nos queixamos da canseira, pois cazamos unha boa peza. Acabamos de pillar a Gianetto Sanpiero.

—¡Loado sexa Deus! —exclamou Giuseppa—. Roubounos unha cabra leiteira a semana pasada.

Estas palabras aledaron a Gamba.

—¡Pobre diabo! —dixo Mateo—, tiña fame.

—O condenado defendeuse coma un león —prosegiu o axudante un pouco mortificado—; matoume un dos tiradores, e, como non lle chegou con iso, partiulle un brazo ó cabo Chardon; non foi moita perda, non era máis que un francés... Despois escondeuse tan ben escondido que nin o diaño o podía descubrir. Se non fose polo primiño Fortunato, nunca o daría atopado.

—¡Fortunato! —exclamou Mateo.

—¡Fortunato! —repetiu Giuseppa.

—Si, o Gianetto escondérase aí, debaixo dese montón de feo; pero o primiño amosoume a artimaña. Así que llo hei dicir a seu tío o caporal, para que lle mande un bo regalo pola molestia. E o seu nome e mailo teu constarán no informe que lle vou enviar ó señor fiscal.

—¡Maldición! —dixo polo baixo Mateo.

Chegaran onda o destacamento. Gianetto xa estaba deitado na liteira e preparado para marchar. Cando viu a Mateo na compañía de Gamba, esbozou un sorriso estraño: logo volveuse cara a porta da casa e cuspiu no limiar, dicindo:

—¡Casa dun traidor!

Só un home decidido a morrer se atrevería a pronuncia-lo nome de traidor aplicado a Falcone. Unha boa puñalada, que non faría falla repetir, tería pagado inmediatamente a aldraxe. Nembargantes, Mateo non fixo máis aceno que levar unha man á fronte en sinal de abatemento.

Fortunato entrara na casa ó ver chegar a seu pai. Axiña reapareceu cunha cunca de leite, que lle ofreceu cos ollos baixos a Gianetto.

—¡Apártate de min! —berrou o proscrito cunha voz fulminante.

Despois, volvéndose cara a un dos tiradores, dixo:

—Camarada, dáme de beber.

O soldado púxolle a cantimplora entre as mans, e o bandido bebeu a auga que lle daba un home co que acababa de

intercambiar varios disparos. Despois pediu que lle atasen as mans de maneira que lle quedasen cruzadas no peito en lugar de levalas ligadas ó lombo.

—Agrádame estar deitado ó meu gusto —diciá.

Apresuráronse a satisfacelo; logo o axudante deu o sinal de partida, despediuse de Mateo, que non lle respondeu, e descendeu a paso acelerado cara á chaira.

Pasaron case dez minutos antes de que Mateo abrise a boca. O rapaz miraba con inquietude quer a súa nai quer a seu pai que, apoiado na escopeta, observaba ó rapaz cunha expresión de cólera reconcentrada.

—¡Empezas ben! —dixo por fin Mateo cunha voz tranquila, pero aterrecedora para quen coñecese ó home.

—¡Pai! —exclamou o neno, con bágoas nos ollos, e avanzou para botarse de xeonllos ante el.

Pero Mateo berrou:

—¡Atrás!

E o neno detívose e saloucou, inmóbil, a uns pasos de seu pai.

Giuseppa aproximouse. Acababa de albiscar un extremo da cadea do reloxo que saía da camisa de Fortunato.

—¿Quen che deu ese reloxo? —preguntou cun ton severo.

—Meu primo, o axudante.

Falcone agarrou o reloxo e, tirándoo con forza contra unha pedra, desfíxoo en mil anacos.

—Muller —dixo—, ¿este é fillo meu?

As meixelas morenas de Giuseppa tornáronse de cor ladrillo.

—¿Que dis, Mateo? ¿Ti sabes con quen falas?

—¡Pois ben!, este neno é o primeiro da súa raza que comete unha traizón.

Os saloucos e os impos de Fortunato redobraron, e Falcone seguía cos seus ollos de lince fixos sobre el. Ó cabo petou na terra coa culata da escopeta, logo botouna ó ombro e colleu de

novo o camiño do maquis berrándolle a Fortunato que o seguise. O neno obedeceu.

Giuseppa correu xunto a Mateo e agarrouno por un brazo.

—É teu fillo —dixo con voz trémula, e fitaba cos seus ollos negros os do seu home, coma se quixese le-lo que pasaba pola súa alma.

—Déixame —respondeu Mateo—; eu son seu pai.

Giuseppa abrazou ó seu fillo e entrou chorando na cabana. Tirouse de xeonllos ante unha imaxe da Virxe e rezou con fervor. Entre tanto, Falcone andou uns douscentos pasos polo carreiro e non parou ata chegar a un pequeno barranco ó que baixou. Sondou a terra coa culata da escopeta e atopouna mole e doada de cavar. O lugar pareceulle conveniente para o que quería facer.

—Fortunato, ponte onda esa pedra grande.

O neno fixo o que lle ordenaba, logo axeonllouse.

—Reza as oracións.

—¡Pai, pai, non me mate!

—¡Reza as oracións! —repetiu Mateo cunha voz terrible.

O rapaciño, balbucindo e saloucando, recitou o nosopai e o credo. O pai, en alta voz, respondía ¡Amén! ó final de cada pregaría.

—¿Son esas tódalas oracións que sabes?

—Pai, tamén sei o avemaría e a ladaíña que me aprendeu a tía.

—Esa é ben longa, pero non importa.

O neno acabou a ladaíña cunha voz apagada.

—¿Remataches?

—¡Oh!, pai, ¡teña piedade! ¡Nunca máis o hei volver facer! ¡Heille pedir tanto ó meu primo o caporal, que lle han perdoar ó Gianetto!

Aínda estaba falando... Mateo cargara a escopeta e apuntaba cara a el dicindo:

—¡Que Deus che perdoe!

O neno fixo un esforzo desesperado por se levantar e abrazar ós xeonllos de seu pai; pero non lle deu tempo. Mateo fixo fogo e Fortunato caeu morto no acto.

Sen botar unha ollada ó cadáver, Mateo retomou o camiño de volta á casa para ir buscar unha pa co fin de enterra-lo seu fillo. Mal dera uns pasos cando atopou a Giuseppa, que acudía alarmada polo disparo.

—¿Que fixeches? —preguntou.

—Xustiza.

—¿Onde está?

—No barranco. Vouno enterrar. Morreu como un cristián; mandarei que lle canten unha misa. Hai que lle dicir ó meu xenro Tiodoro Bianchi que veña vivir connosco.

Tamango

O capitán Ledoux era un bo mariño. Comezara por ser un simple matalote, logo chegou a axudante de temoeiro. Na batalla de Trafalgar¹ un toro de madeira esmagoulle a man esquerda; amputáronlla e entón despedírono con bos informes. O repouso

non lle conviña nada, e como se lle presentase a ocasión de reembarcar, serviu en calidade de segundo tenente a bordo dun corsario². O diñeiro que obtivo dalgunhas requisas permitiulle adquirir libros e estudia-la teoría da navegación, da que xa coñecía perfectamente a práctica. Co tempo, chegou a ser capitán dun lugre³ corsario de tres canóns, cunha tripulación de sesenta homes, e os mariños de cabotaxe⁴ de Jersey⁵ aínda conservan o recordo das súas fazañas. A paz contrariouno: durante a guerra amasara unha pequena fortuna que esperaba aumentar a expensas dos ingleses. Viuse forzado a ofrece-los seus servicios a pacíficos negociantes; e, como estaba considerado un home resolto e experimentado, confiáronlle con facilidade un navío. Cando o comercio de negros foi prohibido⁶ e, para dedicarse a el, non só houbo que despista-la vixilancia dos aduaneiros franceses, cousa que non era moi difícil, senón tamén, e era o máis arriscado, escapar ós cruceiros ingleses, o capitán Ledoux pasou a ser un home valiosísimo para os traficantes de *madeira de ébano*⁷.

Moi diferente da maioría dos mariños que languideceran moito tempo, coma el, en postos subalternos, non sentía ese horror profundo polas innovacións e ese espírito de rutina que aqueles achegan con demasiada frecuencia ós graos superiores. O capitán Ledoux, pola contra, fora o primeiro en recomendarlle ó seu armador o uso de caixas de ferro, destinadas a conter e conserva-la auga. A bordo do seu barco, as esposas e as cadeas, das que os buques negreiros teñen gran provisión, estaban fabricadas segundo un sistema novo e coidadosamente vernizadas para preservalas da ferruxe. Pero o que mellor reputación lle creou entre os mercadores de escravos, foi a construción, dirixida por el mesmo, dun bergantín destinado ó tal mercado, fino veleiro, estreito, longo coma un buque de guerra e, sen embargo, capaz de conter un gran número de escravos. Púxolle por nome *Esperanza*. Quixo que as entre pontes, estreitas e encaixadas, non tivesen máis que catro pés e tres polgadas⁸ de alto, pretendendo que esas dimensións lles permitían ós escravos de talla razoable permanecer comodamente sentados; e ¿que necesidade teñen eles de se levantar? ¡Cando arriben ás colonias han ter tempo abondo de estar de pé!. Os negros, co lombo apoiado contra as bordas do navío e dispostos en dúas liñas paralelas, deixaban entre os seus pés un espacio baleiro que, en tódolos outros barcos negreiros, só serve para a circulación. Ledoux ideou colocar naquel intervalo outros negros, deitados perpendicularmente ós primeiros. Desta sorte, o seu navío contiña unha decena de negros máis ca outro da mesma tonelaxe. E aínda se poderían colocar máis; pero hai que ter humanidade e

deixarlle a un negro polo menos cinco pés de longo e dous de ancho para se espelir durante unha travesía de seis semanas ou máis; "Pois en fin", dicíalle Ledoux ó seu armador para xustificar esta liberal medida, "os negros, despois de todo, son homes coma os brancos".

O *Esperanza* partiu de Nantes un venres⁹, como o fixeron notar máis tarde as xentes supersticiosas. Os inspectores que revisaron escrupulosamente o bergantín non descubriron seis grandes caixas cheas de cadeas, de esposas, e deses ferros que se chaman, non sei por qué, *barras de xustiza*¹⁰. Tampouco lles estrañou nada a enorme provisión de auga que debía leva-lo *Esperanza*, o cal, segundo os seus papeis, só ía ó Senegal para comerciar con madeira e marfil. A travesía non é longa, é certo, pero en fin, un exceso de precaucións tampouco lle pode facer mal a ninguén. Se os sorprendía unha encalmada, ¿que sería deles sen auga?

O *Esperanza* partiu, pois, de Nantes un venres, ben aparelado, e ben equipado de todo. A Ledoux gustaríanlle quizá uns mastros un pouco máis sólidos; con todo, mentres el mandou o navío, non tivo de que queixarse. A travesía foi feliz e rápida ata as costas de África. Botou a áncora no río Joale¹¹ (creo) nun momento en que os cruceiros ingleses non vixiaban aquela parte da costa. Os comisionistas do país subiron inmediatamente a bordo. O momento non podía ser máis favorable; Tamango, famoso guerreiro e vendedor de homes, acababa de conducir á costa unha gran cantidade de escravos e desfaciase deles a bo prezo como home que se sente coa forza e cos medios de aprovisionar en seguida a praza, en canto os obxectos do seu comercio escaseen.

O capitán Ledoux ordenou que o baixasen á ribeira e foi visitar a Tamango. Atopouno nunha cabana de palla que lle construíran apresuradamente, acompañado das súas dúas mulleres e dalgúns subcontratadores e conductores de escravos. Tamango engalanárase para recibir ó capitán branco. Ía vestido cun vello uniforme azul que aínda tiña os galóns de cabo; pero de cada ombro colgaban dúas ombreiras de ouro prendidas no mesmo botón e balanceándose, unha por diante, outra por detrás. Como non tiña camisa e o traxe era un pouco curto para un home da súa talla, entre o forro branco da chaqueta e o seu calzón de tea de Guinea apreciábase unha banda considerable de pel negra que semellaba un ancho cinto. Ó costado, pendurado dunha corda, levaba un gran sabre de cabalería e na man tiña un fermoso fusil de dous canos, de fabricación inglesa. Equipado desta sorte, o guerreiro africano cría superar en elegancia ó máis cumprido

presumido de París ou de Londres.

O capitán Ledoux fitouno algún tempo en silencio, mentres que Tamango, endereitándose ó xeito dun granadeiro¹² que pasa a revista ante un xeneral estranxeiro, gozaba da impresión que cría producir sobre o branco. Ledoux, despois de examinalo como experto, virou cara ó seu segundo e díxolle:

—Velaí un bo mozote que ben había vender en mil escudos, como pouco, posto san e sen deterioro na Martinica.

Sentaron, e un matalote que sabía un pouco da lingua wolofe¹³ serviu de intérprete. Intercambiados os primeiros cumpridos, un grumete trouxo un cesto de botellas de augardente; beberon, e o capitán, para poñer a Tamango de bo humor, obsequiouno cunha bonita polvoreira de cobre, adornada co retrato de Napoleón en relevo. Aceptado o presente co conveniente agradecemento, saíron da cabana, sentaron á sombra fronte ás botellas de augardente, e Tamango deu o sinal de trae-los escravos que tiña para vender.

Apareceron nunha longa fila, curvados polo cansazo e o terror, levaban todos o colo preso nun forcado de máis de seis pés de longo coas dúas puntas unidas arredor da caluga por unha barra de madeira. Cando se teñen que poñer en marcha, un dos conductores bota ó ombro o mango do forcado do primeiro escravo; este encárgase do forcado do home que o segue; o segundo leva o forcado do terceiro; e así sucesivamente. ¿Que hai que facer un alto?, o xefe de fila afunde en terra o extremo afiado do mango do seu forcado e toda a columna se detén. Ben se pode ver que non cabe pensar en fuxir correndo cando se leva preso ó colo un groso pao, de seis pés de longo.

A cada escravo, home ou muller, que pasaba ante el, o capitán alzaba os ombros, atopaba os homes cativos, as mulleres demasiado vellas ou demasiado novas, e queixábase do abastardamento da raza negra.

—Todo dexenera —dicía—. Noutro era ben diferente. As mulleres tiñan cinco pés e seis polgadas de alto e catro homes sos podían tirar polo cabrestante dunha fragata, para leva-la áncora maior.

Sen embargo, sen deixar de criticar, ía facendo unha primeira selección dos negros máis robustos e máis fermosos. Aqueles podíaos pagar ó prezo corrente; mais para o resto pedía unha forte rebaixa. Tamango, pola súa banda, defendía os seus intereses, chufaba a mercancía, falaba da escaseza de homes e

dos perigos do comercio. Concluíu pedindo un prezo, non sei cal, polos escravos que o capitán branco quería cargar a bordo.

En canto o intérprete traduciu ó francés as pretensións de Tamango, Ledoux houbo caer para atrás de sorpresa e indignación; despois, murmurando algúns xuramentos horribles, levantouse como para romper todo comercio con home tan pouco razoable. Entón, Tamango detívoo; conseguiu con dificultade que sentase de novo. Abriuse outra botella, e a discusión recomezou. Tocoulle agora ó negro considerar tolas e extravagantes as proposicións do branco. Berraron, discutiron moito tempo, beberon augardente en cantidades prodixiosas; pero a augardente producía un efecto moi diferente sobre as dúas partes contratantes. O francés, canto máis bebía, máis reducía a súa oferta; o africano, canto máis bebía, máis cedía nas súas pretensións. Deste xeito, ó acabarse o cesto, puxéronse de acordo. Déronse unhas teas ruíns de algodón, pólvora, pedernal, tres barricadas de augardente e cincuenta fusís mal amañados a cambio de cento sesenta escravos. Para ratifica-lo trato, o capitán petou na man do negro xa máis que medio borracho e ó instante os negros fóronlles entregados ós mariñeiros franceses, que se apresuraron a quitárllelos forcados de madeira para lles poñelas argolas e as esposas de ferro: o que mostra ás claras a superioridade da civilización europea.

Quedaban aínda uns trinta escravos: eran nenos, vellos, mulleres eivadas. O navío estaba cheo.

Tamango, que non sabía qué facer con aquel refugallo, propúxolle ó capitán venderllos por unha botella de augardente cada un. A oferta era tentadora. Ledoux lembrou que na representación das *Vésperas sicilianas*¹⁴ en Nantes, vira moitas xentes gordas e finchadas entrar nun patio de butacas xa cheo, e conseguiren, sen embargo, sentar alí, en virtude da compresibilidade dos corpos humanos. Colleu os vinte escravos máis esveltos dos trinta.

Entón Tamango xa non pediu máis ca un vaso de augardente por cada un dos dez restantes. Ledoux reflexionou en que os nenos non pagan e só ocupan media praza nos coches públicos. Así que colleu tres nenos; pero declarou que non quería cargar nin un só negro máis. Tamango, vendo que lle quedaban aínda sete escravos ó seu cargo, agarrou o fusil e apuntoulle a unha muller que estaba diante: era a nai dos tres nenos.

—Compra ou mátoa —díxolle ó branco—; un vasiño de augardente ou disparo.

—¿E que diaño queres que faga eu con ela? —respondeu Ledoux.

Tamango fixo fogo e a escrava caeu a terra, morta.

—Imos a outro —exclamou Tamango, apuntándolle a un vello moi achacoso—: un vaso de augardente, ou senón...

Unha das súas mulleres desvioulle o brazo, e o disparo saíu ó aire. Recoñecera no vello que o seu home ía matar a un *guiriot* ou bruxo, que lle predixera que ía ser raíña.

Tamango, ó que a augardente fixera tolear, non se controlou, vendo que se opoñían á súa vontade. Golpeou con rudeza a súa muller coa culata do fusil; despois, virando cara a Ledoux, díxolle:

—Toma, douche esta muller.

Era bonita. Ledoux mirouna sorrindo, logo colleuna da man:

—Xa atoparei onde metela —dixo.

O intérprete era un home humano. Deulle unha tabaqueira de cartón a Tamango e pediulle os seis escravos restantes. Librounos dos seus forcados e permitiulles marchar a onde lles petara. Fuxiron de contado, uns por aquí, outros por alá, ben amolados para volver ó seu país a duascenas leguas da costa.

Mentres tanto, o capitán despediuse de Tamango e mandou embarca-lo máis axiña posible a súa carga. Non era prudente permanecer moito tempo no río; podían aparece-los cruceiros e quería levar áncoras ó día seguinte. En canto a Tamango, deitouse na herba, á sombra, para durmi-la mona de augardente.

Cando acordou, o navío, coas velas inchadas, xa baixaba polo río. Tamango, coa cabeza aínda atordada pola xolda da véspera, preguntou pola súa muller Ayché. Respondéronlle que tivera a desgracia de incomodalalo e que lla dera como presente ó capitán branco, o cal a levara a bordo. Ante esta noticia, Tamango, estupefacto, petou na cabeza, despois colleu o fusil e, como o río daba varias reviravoltas antes de desembocar no mar, correu polo camiño máis directo ata unha pequena enseada que distaba unha media legua da desembocadura. Aló esperaba encontrar unha canoa coa que poder alcanza-lo bergantín, a marcha do cal debería ser atrasada polas sinuosidades do río. Non se enganaba: en efecto, tivo tempo de brincar nunha canoa e de alcanza-lo negreiro.

Ledoux quedou sorprendido ó velo, pero aínda o foi máis de lle oír

pedir que lle devolvese a súa muller.

—O dado, dado; e o emprestado, emprestado —respondeu; e viroulle as costas.

O negro insistiu, ofrecendo devolverlle unha parte dos obxectos que recibira a cambio dos escravos. O capitán rompeu a rir, dixo que Ayché era unha muller excelente e que a quería conservar. Entón, o pobre Tamango verteu un torrente de bágoas e lanzou agudos berros de dor, coma un desgraciado que sofre unha operación cirúrxica. Tan pronto rodaba polo chan chamando a súa querida Ayché, como petaba coa cabeza contra as táboas, coma se quixese matarse. O capitán permanecía impasible e mostrándolle o río facíalle acenos de que xa era hora de que marchase; pero Tamango persistía. Ata lle ofreceu as súas ombreiras de ouro, o fusil e mailo sabre. Todo foi inútil.

Durante esta contenda, o tenente do *Esperanza* díxolle ó capitán:

—Esta noite morréronnos tres escravos; temos sitio. ¿Por que non collemos ese rexo lacazán, que vale máis el só cós tres mortos?

Ledoux pensou que a Tamango ben o podería vender por mil escudos; que aquela viaxe, que se anunciaba como moi proveitosa para el, probablemente sería a última; que, en fin, feita a súa fortuna e renunciando el ó comercio de escravos, pouco lle importaba deixar na costa de Guinea boa ou mala reputación. Ademais, o río estaba deserto e o guerreiro africano totalmente á súa mercé. Só había que lle quita-las armas, pois sería perigoso botarlle a man enriba mentres que aínda as tiña no seu poder. Así que Ledoux pediulle o seu fusil, coma quen que era para examinalo e asegurarse de que valía tanto coma a fermosa Ayché. Ó acciona-los resortes asegurouse de deixar cae-la pólvora do fulminante. O tenente, pola súa banda, manexaba o sabre; e, como Tamango se atopase así desarmado, dous fortes mariñeiros lanzáronse sobre el, deitárono de costas e intentaron atalo. A resistencia do negro foi heroica. Recuperado da primeira sorpresa e malia a desvantaxe da súa posición, loitou moito tempo cos dous mariñeiros. Gracias á súa prodixiosa forza conseguiu erguerse. Dun puñazo abateu o home que o agarraba polo colo; deixou un anaco da chaqueta entre as mans do outro mariñeiro e botouse coma un demente sobre o tenente para lle arrebatá-lo sabre. Este golpeouno na cabeza e fíxolle unha ferida ancha, pero pouco fonda. Tamango caeu por segunda vez. Inmediatamente, atáronlle fortemente pés e mans. Mentres se defendía bradaba coa rabia e axitábase coma un xabaril preso nunhas lonas; pero cando viu que toda resistencia era inútil pechou os ollos e xa non

fixo movemento ningún. Só a súa respiración forte e precipitada mostraba que aínda estaba vivo.

—¡Recoiro! —exclamou o capitán Ledoux—, os negros que vendeu han rir de boa gana cando o vexan escravo a el tamén. Así comprenderán que hai unha Providencia.

Entre tanto, o pobre de Tamango perdía todo o seu sangue. O caritativo intérprete que a véspera lles salvara a vida a seis escravos, aproximouse a el, vendoulle a ferida e dirixiulle unhas palabras de consolo. O que lle puido dicir ignóroo. O negro permanecía inmóbil coma un cadáver. Foi preciso que dous mariñeiros o levasen coma un paquete á entre ponte, o sitio que lle fora destinado. Durante dous días non quixo nin comer nin beber, a penas lle viron abri-los ollos. Os seus compañeiros de catividade, antes seus prisioneiros, vírono aparecer entre eles cun asombro embobado. Tal era o temor que aínda lles inspiraba que nin un só ousou escarnece-la miseria do que causara a deles.

Favorecido por un bo vento terreiro, o navío afastábase rapidamente da costa de África. Xa sen preocupación con respecto ó cruceiro inglés, o capitán non pensaba máis que nos enormes beneficios que lle agardaban nas colonias ás que se dirixía. A súa madeira de ébano mantíñase sen deterioro. Ningunha enfermidade contaxiosa. Só doce negros, e dos máis febles, morreran coa calor: unha bagatela. Co fin de que a súa carga humana sufrise o menos posible coas fatigas da travesía, tiña a atención de facer subir tódolos días os escravos a cuberta. Alternativamente, un tercio daqueles desgraciados tiña unha hora para face-la súa provisión de aire para todo o día. Unha parte da tripulación vixiábaos armada ata os dentes, por medo a unha revolta; ademais, gardábanse de lles quitar totalmente os ferros. Ás veces, un mariñeiro que sabía toca-lo violín regalábaos cun concerto. Era curioso, entón, ver todas aquelas caras negras viraren cara ó músico, perderen gradualmente as súas expresións de desesperación embrutecida, romperen a rir e bater coas mans cando as súas cadeas llelo permitían. O exercicio é necesario para a saúde; así que unha das saudables prácticas do capitán Ledoux era facer bailar a miúdo os escravos, coma se fan piafa-los cabalos embarcados para unha longa travesía.

¡Ale, fillos!, bailade, divertídevos —dicía o capitán con voz estentórea, estalando un enorme látego de posta; e, inmediatamente, os pobres negros saltaban e danzaban.

Durante algún tempo, a ferida de Tamango retívoo baixo os zapóns. Por fin apareceu na cuberta; ó primeiro, ergueu a cabeza

con fachenda entre a multitude temerosa dos escravos e botou unha ollada triste, pero tranquila, sobre a inmensa extensión de auga que rodeaba o navío; despois deitou, ou máis ben deixouse caer nas táboas da tilla, sen ter sequera o coidado de arranxa-los ferros de maneira que lle fosen menos incómodos. Ledoux, sentado no castelo de popa, fumaba tranquilamente a súa pipa. Preto del, Ayché, sen ferros, ataviada cun elegante vestido de algodón azul, os pés calzados cunhas lindas zapatillas de tafílete, levaba na man unha bandexa cargada de licores e mantíñase disposta para servirle de beber. Era evidente que cumpría altas funcións xunto do capitán. Un negro que odiaba a Tamango, fíxolle un aceno para que mirase cara a aquel lado. Tamango virou a cabeza, viuna, deu un berro; e, erguéndose impetuosamente, correu en dirección ó castelo de popa antes de que os mariñeiros de garda se puidesen opoñer a tan enorme infracción de toda disciplina naval:

—¡Ayché! —berrou con voz fulminante.

E Ayché deu un grito de terror.

—¿Cres que no país dos brancos non hai MAMA-JUMBO?

Xa acudían os mariñeiros co pao levantado; pero Tamango, cos brazos cruzados e como insensible, retornaba tranquilamente ó seu sitio, mentres que Ayché, rompendo a chorar, semellaba petrificada por aquelas misteriosas palabras.

O intérprete explicou o que era aquel terrible Mama-Jumbo, do que só o nome producía tanto horror.

—É o coco dos negros —dixo—. Cando un home teme que a súa muller faga o que fan outras moitas tanto en Francia como en África, ameázaa con Mama-Jumbo. Eu, que vos falo, teño visto o Mama-Jumbo, e descubrín o truco; pero os negros..., son tan simples, que non se decatan de nada. Figurádevos que unha noite, mentres que as mulleres se divertían bailando, facendo un *folgar*, como din eles na súa xerga, dun pequeno bosque moi mesto e moi escuro sae unha música estraña, sen que se vise a ninguén que a tocase; tódolos músicos se esconderan no bosque. Había frutas de cana, tambores de madeira, *balafos*¹⁵ e guitarras feitas con metades de cabazas. Todo aquilo tocaba unha canción dun ritmo endiañado. As mulleres, mal oíron aquel son puxéronse a tremer; quixeron escapar, pero os seus homes agarráronas: elas ben sabían o que lles esperaba. De pronto, sae da selva unha gran figura branca, alta coma un mastro de xoanete, cunha cabeza grosa coma un celamín, os ollos anchos coma escobóns,

e unhas fauces coma as do demo, con lume por dentro. Andaba a modiño, a modiño; e non se apartou máis de medio cable do bosque. As mulleres berraban: "¡É Mama-Jumbo!" Vociferaban coma vendedoras de ostras. Entón, os seus maridos dicíanlles: "Veña, pillabanas, dicídenos se fostes boas; se mentides, Mama-Jumbo havos comer a todas crúas." Había algunhas bastante simples como para confesaren, e entón os seus homes mallaban nelas coma no pan.

—¿E logo que era aquela figura branca, aquel Mama-Jumbo? —preguntou o capitán.

—Pois era un argalleiro disfrazado cunha gran saba branca, que levaba, no lugar da testa, unha cabaza oca cunha candeia acendida na punta dun pao grande. Non hai máis truco ca ese e non hai que ser moi listo para enganar ós negros. Con todo, o de Mama-Jumbo é un bo invento e a min gustaríame que a miña muller o crese.

—Pois a miña —dixo Ledoux— non lle ten medo a Mama-Jumbo, pero tenlo a Sacauntos; polo demais, ben sabe como a había eu arranxar se me xogase algunha mala pasada. Na familia Ledoux non temos moita paciencia, e por máis que eu só teña un brazo, aínda manexa bastante ben unha tralla. E, en canto a ese toleirán de alí, que fala do Mama-Jumbo, dígalle que se comporte e que non lle meta medo á naiciña que está aquí, ou fágolle grada-lo lombo de tal xeito que o seu peello ha tornar de negro a vermello coma un *rosbif* cru.

Logo destas palabras, o capitán descendeu ó seu camarote, mandou vir a Ayché e tratou de consolala; pero nin os aloumiños, nin mesmo os golpes, pois ó final pérdese a paciencia, puideron volver razoable a bela negra; ríos de bágoas corrían dos seus ollos. O capitán volveu subir a cuberta, de mal humor, e rifoulle ó oficial de cuarto¹⁶ pola manobra que mandaba naquel momento.

Pola noite, cando case toda a tripulación durmía nun profundo sono, os homes de garda oíron, primeiro, un canto grave, solemne, lúgubre, que viña da entre ponte, logo un berro de muller horriblemente agudo. Inmediatamente despois, a potente voz de Ledoux xurando e ameazando e o ruído do seu terrible látego resoaron por todo o buque. De alí a pouco todo volveu ó silencio. Ó outro día, Tamango apareceu na cuberta coa cara magoada, pero cun aspecto tan orgulloso, tan resolto coma antes.

Mal o albiscara Ayché, cando abandonou o castelo de popa onde estaba sentada a carón do capitán, correu veloz cara a Tamango,

caeu de xeonllos ante el e díxolle, cun acento de desesperación reconcentrada:

—¡Perdóame, Tamango, perdóame!

Tamango mirouna fixamente durante un minuto; logo, vendo que o intérprete estaba lonxe, dixo:

—¡Unha lima! —e deitouse na tilla, virándolle as costas.

O capitán reprimiuna duramente, incluso lle deu unhas labazadas e prohibiulle falar co que fora seu marido; mais estaba lonxe de sospeita-lo significado das curtas frases que intercambiaran e non fixo ningunha pregunta ó respecto.

Entre tanto, Tamango, encerrado cos outros escravos, exhortábaos día e noite a intentar un esforzo xeneroso para recobra-la liberdade. Faláballes do pequeno número de brancos e facíalles nota-la crecente negligencia dos seus gardas; despois, sen explicarse con claridade, dicíalles que el sabería levalos ó seu país, gabábase do seu saber en ciencias ocultas, das que os negros están moi imbuídos, e ameazaba coa vinganza do diabo ós que se negasen a axudalo na súa empresa. Nas arengas só utilizaba o dialecto dos Peuls¹⁶, que entendían a maior parte dos escravos, mais non o intérprete. A reputación do orador e o costume que tiñan os escravos de temelo e obedecelo acudiron de marabilla en axuda da súa elocuencia, e os negros apremárono a que fixase un día para a súa liberación, bastante antes de que el mesmo se considerase en condicións de efectuala. El respondía vagamente ós conxurados que aínda non chegara o momento e que o demo, que se lle aparecía en soños, aínda non o avisara, pero que se mantivesen preparados para o primeiro sinal. Entrementres, non deixaba pasar nin unha ocasión de facer probas sobre a vixilancia dos gardiáns. Unha vez, un mariñeiro que deixara o fusil apoiado contra as regatas, entretíñase en contemplar unha banda de peixes voadores que seguían o navío; Tamango colleu o fusil e púxose a manexalo, imitando con xestos grotescos os movementos que lle vira executar ós mariñeiros cando facían o exercicio. Ó cabo dun instante retiráronlle o fusil; pero el soubera que podía tocar a unha arma sen espertar sospeitas inmediatamente; e cando chegase a hora de utilizala, ben arriscado había se-lo que lla quixese arrincar das mans.

Un día, Ayché tiroulle unha galleta facéndolle un signo que só el comprendeu. A galleta contiña unha pequena lima: daquel instrumento dependía o éxito do complot. Ó primeiro, Tamango

gardouse moito de lles ensina-la lima ós seus compañeiros; pero cando chegou a noite púxose a murmurar unhas palabras inintelixibles que acompañaba con xestos estraños. Gradualmente, foise animando ata lanzar berros. Oíndo as entoacións da súa voz, diríase que establecera unha conversa animada cunha persoa invisible. Tódolos escravos tremelicaban sen dubidar de que o mesmo demo estivese naquel preciso momento entre eles. Tamango puxo fin a aquela escena dando un berro de ledicia.

—Camaradas —exclamou—, o espírito que conxurei acaba de me conceder, por fin, o que me prometera, e teño nas miñas mans o instrumento da nosa liberación. Agora, só vos fai falla un pouco de valentía para facérvos libres.

Deulles a toca-la lima ós seus veciños, e o truco, pese a ser tan rudimentario, foi crido por aqueles homes aínda máis rudimentarios.

Despois dunha longa espreita chegou o gran día de vinganza e de liberdade. Os conxurados, ligados entre eles por un xuramento solemne, fixaran o seu plan tras unha madura reflexión. Os máis decididos, con Tamango á cabeza, cando lles correspondese subir a cuberta, debían apoderarse das armas dos gardiáns; algúns outros irían ó camarote do capitán para colle-los fusís que se encontraban alí. Os que conseguisen lima-los seus ferros debían comeza-lo ataque: pero malia o porfiado traballo de varias noites, os máis dos escravos aínda eran incapaces de tomar parte activa na acción. Tamén, tres robustos negros habíanse encargar de mata-lo home que levaba no peto as chaves dos ferros e de acudir inmediatamente a libra-los compañeiros encadeados.

Aquel día, o capitán Ledoux estaba dun humor espléndido: contra o seu costume, perdooulle a un grumete que merecera o látego. Felicitou ó oficial de cuarto pola súa manobra, declaroulle á tripulación que estaba contento e anuncioulles que na Martinica, onde chegarían dentro de pouco, cada home recibiría unha gratificación. Tódolos mariñeiros, mantendo tan agradables pensamentos, xa facían uso no seu maxín daquela gratificación. Pensaban na augardente e nas mulleres de cor da Martinica, cando se mandou subir á cuberta a Tamango e os outros conxurados.

Estes procuraran lima-los ferros de maneira que non parecían estar cortados e que, non obstante, o mínimo esforzo bastase para rompelos. Ademais facíanos resoar de tal xeito que, ó oílos, diríase que levaban un peso dobre. Tras aspira-lo aire un pouco,

colléronse todos da man e puxéronse a bailar mentres que Tamango entoaba o son guerreiro da súa familia, son que noutrora cantaba antes de ir ó combate. Despois de bailar un certo tempo, Tamango, como esgotado de cansazo, deitouse tan longo como era ós pés dun mariñeiro que estaba descoidadamente apoiado na borda do navío; os demais conxurados fixeron outro tanto. Desta maneira, cada mariñeiro quedaba rodeado por varios negros.

De súpeto, Tamango, que acababa de romper suavemente os seus ferros, pega un gran berro, que debía servir de sinal, tira violentamente polas pernas do mariñeiro que se atopaba a carón del, derríbao e, poñéndolle o pé sobre o ventre, arrebatálle o fusil e úsao para matar ó oficial de cuarto. Ó mesmo tempo, cada mariñeiro de garda é asaltado, desarmado e, ó instante, degolado. Por todas partes se eleva un grito de guerra. O contramestre, que tiña a chave dos ferros, é un dos primeiros en sucumbir. Entón, unha morea de negros inunda a tilla. Os que non dan atopado armas agarran as barras do cabrestante ou os remos das chalupas. Desde ese momento, a tripulación europea estivo perdida. Nembargantes, algúns mariñeiros fixeron fronte no castelo de popa; pero faltábanlles armas e resolución. Ledoux aínda estaba vivo e non perdera o valor. Reparando en que Tamango era a alma da conxuración, pensou que se o podía matar seríalle doado vencer ós seus cómplices. Así que se lanzou ó seu encontro co sabre na man chamando por el a berros. Tamango precipitouse inmediatamente sobre el. Levaba un fusil agarrado polo extremo do canón e utilizábao a xeito de maza. Os dous xefes xuntáronse nun dos pasavantes, ese paso estreito que comunica o castelo de proa co de popa. Tamango golpeou primeiro. Cun lixeiro movemento do corpo, o branco esquivou o golpe. A culata caeu con forza nas táboas, partiuse e o contragolpe foi tan violento que o fusil escapou das mans de Tamango. Quedou sen defensa, e Ledoux, cun diabólico sorriso de ledicia, erguía o brazo e xa o ía traspasar; mais Tamango era áxil coma as panteras do seu país. Lanzouse ós brazos do adversario e agarroulle a man que suxeitaba o sabre. Un loita por conserva-la arma, o outro por arrebatarlle. Nese combate furioso, caen os dous; pero o africano queda por debaixo. Entón Tamango, non se arredou, abrazou ó adversario con tódalas súas forzas e mordeuno na gorxa con tal violencia que xurdiu o sangue coma se o trabase un león. O sabre esvarou da man, que desfalecía, do capitán. Tamango agarrouno; despois levantouse, coa boca chorreando sangue e, dando un berro de triunfo, atravesou con repetidos golpes o seu inimigo xa medio morto.

A victoria xa non ofrecía dúbidas. Os poucos mariñeiros que

quedaban intentaron implora-la clemencia dos rebelados; pero todos, ata o intérprete, que nunca lles fixera mal ningún, foron mortos sen piedade. O tenente morreu con gloria. Retirárase a popa, xunto a un deses pequenos canóns xiratorios que se cargan con metralla. Coa man esquerda dirixiu a peza e coa dereita, armado cun sabre, tan ben se defendeu que atraeu onda el unha morea de negros. Entón, premendo o disparador do canón, abriu unha longa rúa estrada de mortos e de agonizantes no medio daquela masa apertada. Un instante máis tarde, esnaquizárono.

En canto o cadáver do último branco, esgazado e cortado en anacos, foi guindado ó mar, os negros, saciados de vinganza, alzaron os ollos cara ás velas do navío que, inchadas sen interrupción por un vento fresco, semellaban obedecer aínda ós seus opresores e levar ós vencedores, malia o seu triunfo, cara á terra da escravitude. "Non fixemos nada", pensaban con tristeza; "e este gran fetiche dos brancos ¿quererá levarnos ó noso país, a nós que vertémo-lo sangue dos seus amos?" Algúns dixeron que Tamango había saber como facelo obedecer. De contado, berran por Tamango.

Este non tiña présa por aparecer. Atopárono no camarote de popa, de pé, cunha man apoiada no sabre ensanguentado do capitán, a outra tendíalla con aire distraído á súa muller Ayché, que a bicaba de xeonllos ante el. A alegría da victoria non diminuía un aquel de inquietude que se revelaba en toda a súa actitude. Menos bruto cós outros, comprendía mellor a dificultade da súa posición.

Por fin, apareceu na tilla, afectando unha tranquilidade que non sentía. Apremado por cen voces confusas para que dirixise o curso do navío, achegouse ó temón a pasos lentos, como para atrasar un pouco o momento que ía decidir, para el mesmo e para os demais, o alcance do seu poder.

En toda a nave non había nin un negro, por moi parvo que fose, que non tivera reparado na influencia que unha certa roda e maila caixa colocada en fronte dela, exercían sobre os movementos do navío; mais aquel mecanismo seguía encerrando un gran misterio para eles. Tamango examinou o compás moito tempo movendo os labios, coma se lese os caracteres que vía alí trazados; despois levaba a man á fronte e asumía a actitude pensativa de quen fai un cálculo de cabeza. Rodeábano tódolos negros, a boca aberta, cos ollos regalados, seguindo con ansiedade o seu máis mínimo xesto. Por fin, con esa mestura de temor e confianza que dá a ignorancia, imprimiulle un violento movemento á roda do temón.

Coma un xeneroso corcel que se empina baixo a espora dun xinete imprudente, o fermoso bergantín *Esperanza* chimpou sobre as ondas ante aquela inaudita manobra. Tal parecía que, indignado, se quixese somerxer co seu ignorante piloto. Quebrada con brusquidade a necesaria relación entre a dirección das velas e a do temón, a nave inclinouse con tal violencia que semellou irse afundir. As súas longas vergas mergulláronse no mar. Varios homes foron derribados; algúns caeron pola borda. Pronto se alzou a nave orgullosa contra a vaga, como para loitar unha vez máis contra a destrucción. O vento aumentou e, de pronto, cun ruído aterrador, caeron os dous mastros, tronzados a uns pés da ponte, cubrindo a tilla cos cascallos e cunha especie de pesada rede de cordame.

Os negros, estarecidos, fuxían polos zapóns dando berros de terror; pero a nave endereitouse, dado que o vento xa non a impulsaba, e deixouse balancear suavemente polas ondas. Entón, os negros máis arriscados subiron á tilla e desentullárona dos restos que a ateigaban. Tamango permanecía inmóbil, cun cóbado apoiado no habitáculo, ocultando o rostro sobre o brazo dobrado. Ayché estaba xunto a el, pero non se atrevía a dirixirlle a palabra. Pouco a pouco, os negros fóronse aproximando; elevouse un murmurio que axiña se converteu nun torbón de reproches e de injurias.

—¡Pérfido!, ¡impostor! —exclamaban—, ti e-la causa de tódolos nosos males, ti fúche-lo que nos vendeu ós brancos, o que nos obrigou a rebelarnos contra eles. Ti fachendeabas da túa sabedoría e prometeras devolvernos ó noso país. Nós, ¡que insensatos!, crémoste e houbemos morrer todos porque ti ofendíche-los fetiche dos brancos.

Tamango alzou altivamente a cabeza, e os negros que o rodeaban retrocederon intimidados. Recolleu dous fusís, acenoulle á súa muller para que o seguise, atravesou a aglomeración, que se abriu ante el, e dirixiuse cara á proa do barco. Alí fixo unha especie de muralla con barricadas baleiras e táboas; despois sentou no medio daquela sorte de atrincheiramento do que saían ameazantes as baionetas dos dous fusís. Deixárono tranquilo. Entre os rebeldes, uns choraban; outros, alzando as mans ó ceo, invocaban os seus fetiches e os dos brancos; estes, de xeonllos ante o compás, o continuo movemento do cal os tiña admirados, suplicábanlle que os levase ó seu país; aqueloutros, tirábanse na tilla nun triste abatemento. Entre aqueles desesperados, imaxinade mulleres e nenos ouveando de terror e uns vinte feridos que imploraban uns auxilios que ninguén pensaba en proporcionarlles.

De pronto, aparece un negro na tilla: ten a cara radiante. Anuncia que acaba de descubri-lo lugar en que os brancos gardan a augardente; a súa ledicia e a súa actitude mostran que vén de face-la proba. Esta noticia detén un instante os berros daqueles infelices. Corren á bodega e fártanse de licor. Unha hora máis tarde veríanse saltar e rir na cuberta, entregándose a tódalas extravagancias da borracheira máis brutal. As danzas e os cantos ían acompañados dos laios e dos saloucos dos feridos. Así pasou o resto do día e toda a noite.

Pola mañá, ó espertar, nova desesperación. Durante a noite morrera un gran número de feridos. A nave flotaba rodeada de cadáveres. O mar estaba alborotado, e o ceo brumoso. Celebrouse unha reunión. Algúns aprendices das artes máxicas, que non se atreveran a falar da súa ciencia ante Tamango, ofreceron uns tras outros os seus servicios. Probaron varios poderosos esconxuros. A cada tentativa inútil, aumentaba o desánimo. En fin, volveuse falar de Tamango que aínda non saíra da súa trincheira. Despois de todo, era o máis sabio de entre eles e só el os podía sacar da horrible situación en que os metera. Un vello, portador de proposicións de paz, aproximouse a el. Pregoulle que viñese da-la súa opinión, pero Tamango, inflexible coma Coriolano¹⁸, permaneceu xordo ós seus rogos. De noite, entre a desorde, aprovisionárase de galletas e de carne salgada. Parecía determinado a vivir só no seu retiro.

Quedaba augardente. Polo menos ela fai esquece-lo mar, a escravitude e a morte próxima. Dórmese, sóñase con África, vense bosques de gomeiros¹⁹, cabanas cubertas de palla, baobabs²⁰ a sombra dos cales cobre todo un pobo. A orxía da véspera recomezou. Deste xeito pasaron varios días. Berrar, chorar, arrinca-los cabelos, logo emborracharse e durmir, tal era a súa vida. Varios morreron á forza de beber; algúns botáronse ó mar ou acoiteláronse.

Unha mañá, Tamango saíu do seu forte e avanzou ata o fragmento do mastro maior.

—Escravos —dixo—, o Espírito aparecéuseme en soños e reveloume os medios de sacaros de aquí para devolvedvos ó voso país. A vosa ingratidade merecería que vos abandonase; pero sinto mágoa desas mulleres e deses nenos que choran. Perdóvos: escoitade.

Tódolos negros baixaron a cabeza con respecto e apiñáronse arredor del.

—Só os brancos –prosegiu Tamango– coñecen as palabras poderosas que moven estas grandes casas de pao; pero nós podemos dirixir a nosa vontade esas barcas lixeiras que asemellan ás do noso país.

Mostráballes-la chalupa e as outras embarcacións do bergantín.

—Ímolos encher de víveres, montar nelas e remar na dirección do vento; o meu amo, e máis voso, hao de facer soprar cara ó noso país.

Crérono. Endexamais houbo proxecto máis desatinado. Ignorante do uso do compás e baixo un ceo descoñecido, só podía errar á aventura. Consonte as súas ideas, imaxinaba que remando dereito sempre cara a adiante acabaría por atopar algunha terra habitada por negros, pois os negros posúen a terra e os brancos viven nos seus barcos. Iso é o que el lle oíra dicir a súa nai.

Axiña estivo todo listo para o embarque; pero só a chalupa e unha canoa estaban utilizables. Era moi pouco para conter uns oitenta negros aínda vivos. Houbo que abandonar a tódolos feridos e os doentes. A maioría pediron que os matasen antes de separárense deles.

As dúas embarcacións, postas a flote con infinito traballo e desmesuradamente cargadas, abandonaron o navío cun mar axitado que ameazaba, a cada instante, con tragalas. Primeiro afastouse a canoa. Tamango con Ayché tomaran asento na chalupa, que, moito máis pesada e máis cargada, ía moito máis atrás. Aínda se oían os laios dalgúns desgraciados abandonados a bordo do bergantín, cando unha onda bastante forte alcanzou a chalupa de través e encheuna de auga. En menos dun minuto, afundiuse. Os da canoa viron o desastre e os remeiros redobraron os seus esforzos por medo a ter que recoller algúns náufragos. Case tódolos que montaran na chalupa afogaron. Só unha ducia puido regresar ó barco. Entre estes estaban Tamango e Ayché. Ó caer do sol, viron desaparece-la canoa tralo horizonte; pero o que foi dela, ignórase.

¿Por que ía eu de cansar ó lector coa descrición repugnante das torturas da fame? Arredor de vinte persoas nun espacio estreito, tan logo balanceadas por un mar tormentoso coma queimadas por un ardente sol, disputan tódolos días os míseros restos de provisións. Cada anaco de galleta custa un combate e o débil morre, non porque o forte o mate, senón porque o deixa morrer. Ó cabo dalgúns días, non queda ninguén vivo a bordo do *Esperanza*, non sendo Tamango e Ayché.

Unha noite, o mar estaba axitado, o vento sopraba con violencia e a escuridade era tan profunda que desde a popa non se podía ver a proa do navío. Ayché estaba deitada nun colchón no camarote do capitán e Tamango sentado ós seus pés. Os dous gardaban silencio desde había moito.

—Tamango —falou por fin Ayché—, todo o que sofres, sófrello por culpa miña...

—Non sufro tal —respondeu el bruscamente, e botou sobre o colchón, a carón da súa muller, a metade dunha galleta que lle quedaba.

—Gárdaa para ti —dixo ela, rexeitando docemente a galleta—; eu xa non teño fame. Ademais, ¿para que hei comer? ¿Non me chegou a miña hora?

Tamango levantouse sen responder, subiu vacilante á tilla e sentou ó pé dun mastro partido. Coa cabeza inclinada sobre o peito asubiaba o son da súa familia. De súpeto, deixouse oír un gran berro sobre o ruído do vento e do mar; apareceu unha luz. Oíu outros berros, e un enorme barco negro escorregou rapidamente xunto ó seu, tan preto que as vergas pasaron por riba da súa cabeza. Só viu dúas caras iluminadas por unha lanterna suspendida dun mastro. Aquelas xentes aínda berraron outra vez e, rapidamente, o navío, levado polo vento, desapareceu na escuridade. Sen dúbida, os homes de garda albiscaran a nave náufraga; mais o mal tempo impedíalles virar. Un instante máis tarde, Tamango viu a chama dun canón e oíu o ruído da explosión; logo viu a chama doutro canón, pero non oíu ningún ruído; despois xa non viu nada máis. Ó día seguinte non aparecía nin unha vela no horizonte. Tamango volveuse deitar no colchón e pechou os ollos. A súa muller Ayché morrera aquela noite.

Non sei canto tempo despois unha fragata inglesa, a *Bellone*, viu un barco desarborado e aparentemente abandonado pola súa tripulación. Abordouno unha chalupa e atopou unha negra morta e un negro tan descarnado e tan fraco que semellaba unha momia. Estaba sen coñecemento pero aínda tiña un sopro de vida. O cirurxián ocupouse del, ofreceulle os seus coidados e cando a *Bellone* atracou en Kingston¹⁹, Tamango gozaba dunha perfecta saúde. Preguntáronlle a súa historia. El contou o que sabía. Os plantadores da illa querían que o aforcasen como negro rebelde; pero o gobernador, que era moi humano, interesouse por el, atopando o seu caso xustificable porque, despois de todo, el non fixera máis que usar do dereito de lexítima defensa; e ademais os

que matara non eran máis que franceses. Tratárono como se tratan os negros recollidos a bordo dun navío negreiro confiscado. Déronlle a liberdade, é dicir, fixérono traballar para o goberno; pero gañaba seis patacóns por día e maila comida. Era un home moi guapo. Viuno o coronel do 75º e colleuno para toca-los pratos na banda do seu rexemento. Aprendeu un pouco de inglés; pero a penas falaba. Pola contra, bebía en exceso, ron e augardente de cana. Morreu no hospital dunha inflamación de peito.

Notas

Mateo Falcone

1 Porto-Vecchio: Porto situado ó Sueste de Córsega.

2 Muflón: mamífero da familia dos bóvidos (*Ovis musimon*) con grandes cornos os machos, mentres faltan nas femias ou están atrofiados, pelo curto e liso e cor variable coas estacións. (*Gran Diccionario Xerais da Lingua*).

3 Pé: antiga medida de lonxitude equivalente a uns 33 cm.

4 Postas: munición de calibre máis goso có perdigón. (*Gran Diccionario Xerais da Lingua*).

5 Corte: capital histórica da illa.

6 Caporal: xefe que adoptaron as comunas corsas cando se rebelaron contra os señores

feudais. Hoxe aínda se lle dá ese nome ós que, polas súas propiedades e a súa clientela,

exercen unha influencia notable e unha especie de maxistratura sobre unha *pieve* ou cantón.

7 Bandido: aquí, sinónimo de proscrito, é dicir, fóra da lei, pero pode ser por razóns políticas, non necesariamente porque sexa un malfeitor.

8 Tiradores corsos: corpo que servía, coa xendarmería, á policía. Levaban un uniforme marrón co colo amarelo.

9 *Buon giorno, fratello* : saúdo común entre os corsos.

Tamango

1 Trafalgar: desfeita da flota napoleónica, o 21 de outubro de 1805 contra a flota inglesa mandada polo almirante Nelson, no decurso da cal este último morreu.

2 Corsario: navío armado por particulares para perseguir ó inimigo coa autorización do goberno e ás veces mesmo a seu pedido.

3 Lugre: pequeno barco de guerra de dous mastros.

4 Cabotaxe: navegación e tráfico marítimo ó longo da costa especialmente entre os portos dun mesmo estado. (*Gran Diccionario Xerais da lingua*).

5 Jersey: a maior e máis meridional das illas anglonormandas.

6 O comercio de negros foi abolido oficialmente no Congreso de Viena en 1815.

7 Termo usado pola cor desa madeira, negra.

8 Polgada: medida de lonxitude equivalente á duodécima parte do pé, 2,33 cm.

9 Existe a crenza supersticiosa de que o venres é mal día para moitas cousas: "En venres e martes nin cases nin embarques".

10 Barras de xustiza: barras de metal con argolas que se ataban ás pernas dos galeotes para impedir que fuxisen.

11 Joale: porto da costa do Senegal.

12 Granadeiro: soldado de infantaría que lanza granadas. Os do exército de Napoleón gozaban dun gran prestixio.

13 Wolof (ou Uolof) etnia do Senegal e de Gambia, de lingua

nixerocongolesa.

14 *Vésperas sicilianas*: obra de teatro de Casimir Delavigne (1819) que evocaba a matanza organizada en 1282 polo rei español Pedro de Aragón e o emperador bizantino para expulsar a Charles de Anjou do reino de Sicilia: morreron milleiros de súbditos franceses á hora de vésperas (serán) dun luns de Pascua.

15 Balafo ou balafón: instrumento de percusión de África occidental e central, parecido ó xilófono.

16 Oficial de cuarto: oficial de garda durante 6 horas (cuarta parte dun día).

17 Peuls ou pul: lingua sudanesa do grupo do Atlántico Oeste, falada en numerosos illotes de poboación peul ou fulbé, desde Senegal ata Camerún.

18 Coriolano: xeneral romano que marchou sobre Roma á cabeza dos volscos para apoderarse dela, o senado suplicoulle en van que deixase de loitar contra a súa propia patria e só renunciou ante as súplicas de súa nai. Dáse como exemplo de teimosía sobre todo despois da obra de teatro homónima de Shakespeare.

19 Gomeiros: árbores que producen a goma.

20 Baobabs: enormes árbores dos que o tronco pode alcanzar ata 20 metros de diámetro.